

Obradoiro: FERRAMENTAS DE FINANCIAMENTO ÉTICO E ALTERNATIVO

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 23 de febreiro ao 16 de marzo	DURACIÓN	40 horas
HORARIO	Celebraranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe os días 23 de febreiro e 16 de marzo de 11:00 a 12:30 na aula virtual da plataforma. O horario de atención da persoa titora será, de 10:30 a 13:00hs, de luns a venres.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespozocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

Este curso está orientado a fornecer coñecementos financeiros básicos que axuden ás persoas e ás empresas na resolución destas necesidades. Partindo dunha visión crítica da banca tradicional, analizamos o papel das finanzas éticas, e dentro delas da banca ética, de cara a unha reconfiguración da función do diñeiro como unha ferramenta ao servizo das persoas, as empresas e a economía produtiva. Coñecer as funcións do diñeiro esixe tamén coñecer o papel dos intermediarios financeiros e dos mercados financeiros, e a súa relación coa actividade económica e empresarial. Neste sentido, cobra especial relevancia a análise dos principais produtos financeiros, en especial aqueles aos que poden recorrer as empresas para o financiamento dos seus proxectos e investimentos.

PROGRAMA E CONTIDOS

Tema 1 . Finanzas éticas

1. Economía social e solidaria
2. As finanzas éticas
3. Obxectivos das finanzas éticas
4. A banca ética

Tema 2 . Finanzas éticas ao servizo das persoas e da economía produtiva

1. A responsabilidade social do sector financeiro
2. Críticas á banca tradicional
3. Valoración final

Tema 3 . Os principais instrumentos de financiamento ético e alternativo

1. Introducción
2. Opcións de financiamento

Tema 4. Experiencias de finanzas éticas e financiamento solidario en Galiza, no Estado e no mundo

1. Finanzas éticas no mundo
2. As principais iniciativas de finanzas éticas
3. Proxectos financiados por banca ética
4. Finanzas éticas en Galicia

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amáis de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso.

Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Persoas que traballan ou colaboran con entidades de economía social e solidaria, tanto do sector de mercado (cooperativas, sociedades laborais, confrarías, Centros Especiais de Emprego, Empresas de inserción) como de non mercado (Asociacións, Fundacións, etc.). Público en xeral Composición do grupo: mínimo 15 persoas e máximo 30.